

Actividades para proxectos | Bloque 2 : Creación de contidos

Primaria. 3 a 7 anos

Imos merendar!

	Educación Primaria 3 a 7 anos
	Nivel Medio
	Temporalización 4 a 6 sesións
	Socios 4 a 6 socios

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

O alumnado elabora unha merenda sinxela, comparte cos outros colexios un puzzle de dita merenda e os demais centros teñen que resolvelo e adiviñar qué ingredientes foron utilizados na elaboración. Elabóranse as receitas doutro centro membro e vótase pola favorita.

OBXECTIVO DA ACTIVIDADE

1. Coñecer algunha das rutinas diarias do alumnado participante no proxecto. Gamificación, resolución de puzzles.
2. Identificar os distintos ingredientes cos que elaboran varias merendas.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Fase 1: Preparación

Paso 1:

Cada centro prepara na clase un aperitivo e grávase en vídeo todo o proceso de elaboración do mesmo, no vídeo ten que aparecer o nome do país que elabora cada receita. Estes vídeos sóbense a Materiais-Vídeos aínda que non se amosarán ó alumnado ata que non se descubran todas as merendas e os seus ingredientes.



Paso 2:

Fotográfase cada ingrediente para elaborar tarxetas con cada un deles, nas que deben figurar o nome destes alimentos en inglés e na lingua materna de cada centro. Estas tarxetas sóbense a Material-Imaxes, onde se irán aloxando nunha carpeta.



Paso 3:

Unha vez rematada a receita fotográfase e elabórase un puzle on line con Jigsawplanet. Tamén se descargan as tarxetas dos alimentos.



<http://www.jigsawplanet.com/>



Paso 4:

Créase unha páxina no TwinSpace onde se comparten os enlaces dos puzzles para que o alumnado de cada centro os resolva.



Paso 5:

Os estudantes deben descubrir o "snack" e coa axuda das tarxetas ten que facer predicións sobre os ingredientes. Dentro da páxina "Guessyour snack" créanse subpáxinas por cada unha das receitas, alí compártense fotos do alumnado cos puzzles resoltos na pizarra dixital e as tarxetas dos ingredientes.



Paso 6:

Visualízanse os videos de cada unha das receitas que previamente se subiran a Materiais e compróbanse as predicións e a procedencia de cada merenda.

Fase 2: Posta en práctica

Paso 7:

A continuación cada centro elabora as receitas dos seus socios seguindo os pasos detallados nos vídeos que previamente se compartiran no TwinSpace e finalmente, ¡a merendar!

Fase 3: Recollida de datos e promoción.

Paso 8:

Créase unha páxina “Howwework” na que se amosan fotos e vídeos do desenvolvemento da actividade, desde a elaboración ata o consumo.



Paso 9:

Coméntase a actividade no Diario do proxecto.



Paso 10:

Para finalizar realízase unha videoconferencia e todo o alumnado dos distintos centros votan pola merenda favorita. O profesorado realiza unha taboa coas fotografías das distintas merendas e o alumnado de todos os centros vota pola súa favorita. Realízase unha gráfica utilizando [Create a graph](#) onde se recollen os resultados da enquisa. Créase unha páxina para reflectir o proceso desta última actividade.



PRODUTO(S)/RESULTADO(S) ESPERADO(S)

Presentación de vídeos, fotografías e gráficas no Twinspace. Realízase un mural cos resultados da enquisa e indicando o nome e país de procedencia de cada merenda.

FERRAMENTAS DO TWinspace/FERRAMENTAS 2.0 EXTERNAS

- TwinSpace para compartilhar fotos ou vídeos da actividade.
- [Jigsawplanet](#) para elaborar os puzzles das merendas.
- [Polldaddy](#) o [Kwiksurveys](#) para realizar a enquisa
- [Google presentation](#) o [Create a graph](#) para amosar os resultados da enquisa.